



SAÚDO DO PREGOEIRO



Confeso que é toda unha honra vir ata Cela, na primeira fin de semana de xullo, para contar e cantar as excelencias do Viño de Tinta Femia, contribuíndo así a facer -máis grande se cabe- esta fermosa festa.

O meu agradecemento á Comisión que promove a Festa do Viño Tinta Femia; á Asociación de Veciños; aos habitantes desta parroquia de Santa María de Cela; a todas e cada unha das súas 19 entidades de poboación. A todos, moitas grazas por este protagonismo que non merezo e do que me facedes obxecto.

É unha gran satisfacción apoiar o enorme esforzo que, desde hai anos, estades realizando para tratar de situar este Viño de Tinta Femia tan voso, no lugar que verdadeiramente lle corresponde. Os meus mellores desexos, pois, para que os obxectivos sexan alcanzados. Mentres tanto, aquí está unha nova edición da Festa, con viños Tinta Femia cada vez mellores, cunha notable evolución no seu proceso de elaboración que merece recoñecemento e aplauso xeral.

Chega a Festa. Corresponde gozala. Para comer ben e beber mellor. Iso en Cela si que é posíbel, porque estamos no auténtico berce da Tinta Femia.

Pero non esquezamos nunca que estas fermosas terras do Morrazo, bañadas polo Mar de Ons, son local turístico de primeira orde e, xa que logo, unha festa como esta servirá de excelente reclamo para que miles de visitantes aprecien a extraordinaria beleza natural destes lugares.

Balcón inigualábel sobre o Mar, terra xenerosa e profundamente hospitalaria, con festa ou sen festa, Cela ocupará sempre o lugar que merece nos nosos corazóns.

Co meu afecto para todos vos,



HORACIO GÓMEZ ARAUJO



Algúns datos sobre Horacio Gómez e o mundo do Viño

HORACIO GÓMEZ ARAUJO foi o presidente que, ao longo de once anos, máis ou mellores éxitos logrou á fronte do Real Club Celta de Vigo. Natural de Tomiño, é un empresario de brillantes iniciativas. Unha parte moi importante da súa actividade desenvólvea no terreo da Viticultura.

Desde mozo -e por auténtica tradición familiar- Horacio Gómez tivo sempre paixón pola elaboración do Viño. Foi así como -en canto tivo oportunidade- creou unha moi importante adega en Sober, D.O. "Ribeira Sacra". Os viños que das súas adegas "Regina Viarum" saen, están considerados como dos mellores. Premios, críticas -ata internacionais-, así o acreditan. Gran impulsor das adegas "Agnus Dei", na zona de O Salnés, Horacio Gómez xa sabe o que é producir un albariño D.O. "Rias Baixas" de gran calidade.

Home fiel ás súas orixes, o seu carácter emprendedor levoulle hai uns anos a preparar importantes terreos na subzona de O Rosal, denominación de orixe "Rias Baixas", a pouca distancia da casa que lle viu nacer. Alí, en Vilachán (Tomiño), comeza a dar os seus froitos dun tempo para acó unha gran plantación de albariño, que xa en breve pasará a constituír o valioso patrimonio de "adegas Vilachán", outra iniciativa empresarial de Horacio Gómez no terreo da Viticultura.

Non debemos finalmente de esquecer que, no terreo da distribución de bebidas, empresas de Horacio Gómez son vangarda en Galicia. Nese territorio -por exemplo- é onde primeiras marcas de Rioja e Ribeira de Duero teñen depositada a súa confianza plena no saber facer empresarial deste home, para chegar sempre máis e mellor ás principais mesas de Galicia.